

PÍFANO TEATRO presenta
WINNIE SON EU de Maria Arnesto

con Mela Casal
Xavier Picallo
Maria Arnesto
Marcos Sánchez Arnesto



dossier de prensa

Pífano teatro presenta

WINNIE SON EU

Traxicomedie “existencial” de MARÍA ARMESTO

ESTREA

Salón Teatro, venres 11 e sábado 12, ás 20.30 h; domingo 13, ás 18.00 h

Venda de entradas: no despacho de billetes do Salón Teatro desde dúas horas antes do comezo de cada representación

Venda anticipada: na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web <http://entradas.novagaliciabanco.es>

Prezo: 10 euros para as funcións do venres e do sábado (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven, desempregados e determinados colectivos profesionais) e de 5 euros para o domingo, día do espectador

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.info

1. Ficha artística e técnica

ELENCO

ELA	MELA CASAL
LEO	XAVIER PICALLO
FRANÇOISE	MARÍA ARMESTO
PAPÁ	MARCOS SÁNCHEZ ARMESTO

Escenografía	JOSÉ HERRERO PC
Iluminación	O´HIO LIGHT
Vestuario	COCÓ LIMÓN
Atrezzo	EVITA Y PUNTO
Espazo sonoro	MARÍA ARMESTO
<i>Coach</i> M ^a Armesto	XAVIER PICALLO
Diseño de son	JOSÉ HERRERO
Diseño gráfico	FRANCISCO MODINOS
Técnico de escena	HÉCTOR PAZOS
Equipo técnico	NINGUNES PRODUCCIÓN
Xestoría	CONCHA CASAL
Producción	PÍFANO TEATRO
Dirección	MARÍA ARMESTO

2. Sinopse

Catro personaxes intentan, ata a exasperación, conectar con algo que os distraia das súas vidas: unha radio, un amor, Romy Schneider, unha nai, o pasado, o alén, un papá, Raphael..., o que faga falta con tal de fabricar un presente que lles permita imaxinar os seus pes *dans la mèr*.

O pasado 2011, data do cincuenta aniversario da creación de *Happy Days* de Samuel Beckett, Pífono Teatro –con Mela Casal á súa fronte– acorda levar adiante a produción do texto de María Armesto *Winnie son eu*, unha reescrita do lendario texto de Beckett e da súa principal protagonista *Winnie*, único personaxe feminino de envergadura no universo creativo do autor.

Nacida no ano 1961 e superada xa a metade da súa viaxe, esta muller chamada Ela, busca entreter o *impasse* no que está suspendida a súa vida, e faio falando, cantando, fabulando, amando, rindo, odiando, lembrando, soñando... O mar, Lubitch, Rommy Schneider, Joyce, o musical, Galicia queimada ou *petroleada*, Genet, Rimbeau, Louise Labé ou o propio Samuel Beckett forman parte do seu particular universo cotián. Tres personaxes acompañana nesta odisea: Leo, Françoise e Papá.

Winnie son eu aborda, desde a perspectiva do teatro do absurdo, e co seu humor implacable, o conflito da inmovilidade das persoas, da súa pereza conxénita, do medo a cambiar, a moverse, a arriscar. Os seus personaxes librarán unha batalla desesperada e cómica para intentar eludir o seu monótono presente fabulando esperanzadores futuros.

3. Elenco

> MELA CASAL

Actriz

Propietaria da produtora *PÍFANO, S.L.U.*

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Hostia. Dirección de Manuel Lourenzo

Nao de amores. Dirección Cándido Pazó

Viaxe e fin de don Frontán. Dirección Antonio Simón

Nin me abandonarás nunca. Dirección Manuel Guede

A lagarada. Dirección Pere Planella

Así é (Se vos parece). Dirección Maximino Keizán

PÍFANO TEATRO

Oficio e Arte. Dirección Xavier Picallo

Ventos. Dirección Ana Villar

Rotas. Dirección Xavier Picallo

Estima. Dirección Xoán Cejudo

Acto imprevisto. Dirección Xosé Oliveira "Pico"

A onde van as dependentas dos grandes almacenes ao cumpriren os 50? Dirección Xoán Cejudo

TEATRO BRUTO

Detritus corazón, escrita e dirixida por Xavier Picallo

CINE

Mar libre. Dirección Dani de la Torre

Conexión. Dirección Lionel Vieira

Simbad. Dirección Antón Dobao

Villamor. Dirección Ignacio Vilar

Prado longo. Dirección Ignacio Vilar

O ano da carracha. Dirección Jorge Coira

O lápis do carpinteiro. Dirección Antón Reixa

Cuando vuelvas a mi lado. Dirección Gracia Querejeta

Sei quen es. Dirección Patricia Ferreira

TVG

Series: *Escoba, A vida por diante, Mareas vivas, Rías Maixas, Terra de Miranda, Unha de romanos*

Programas: Luar

TVE

Series: *Del Miño al Bidasoa, Viajando al español*

ANTENA 3

Series: *Nada es para siempre, Compuesta y sin novio*

> XAVIER PICALLO

Licenciado en Arte Dramática na especialidade de Dirección de Escena e Dramaturxia pola ESAD de Galicia

Dramaturgo, director e actor

Colaborador asiduo da RTVG en diversos programas radiofónicos

ACTOR TEATRO

Ventos para Pifano Teatro

Interruptus I, II e III, para Teatro Bruto e Pifano Teatro

Espectros de Otero Pedraio para o CDG

O arce do xardín de Roberto Salgueiro para o CDG

Cachorros sen domesticar para Teatro Bruto

Fedra Gómez de Vicente Montoto para Uvega Teatro

A caixa do Arco Iris de Brian Wey para Latexo

A cuadratura do círculo de Valentín Kataiev para Latexo

Rumpelestilchen, unha lenda centroeuropea para Escola de Teatro de Narón

A roda de Brian Wey para Escola de Teatro de Narón

Historias para seren contadas de Oswaldo Dragún para Escola de Teatro de Narón

ACTOR TELEVISIÓN

A vida por diante para TVG

Pequeno Hotel para TVG

Mareas Vivas para TVG

Novo de Parmuide para TVG

O arce do xardín Teatro para TVG

PROGRAMAS TV.

O clan dos impostores. Estreado o 3 de maio de 2012 na TVG

TEXTOS DRAMÁTICOS ESTREADOS

Oficio e Arte para Pifano Teatro

Fisterra-Broadway para Compañía Marías

Salacot e Filloas para Pifano Teatro

Sucedeu en Roma para Compañía Marías

Amen para Compañía Marías

Cantos Contos Contas para A Factoría Teatro

Somewhere, aeroporto para viaxeiros en tránsito para Obradoiro Teatral da UMAD

Cachorros sen Domesticar para Teatro Bruto

Detritus Corazón para Teatro Bruto

Mirinda Affaire para Pifano Teatro

Estima para Pifano Teatro

lesí Cebola contra a Doutora Rabia Rabiña para A Factoría Teatro

Centolla TeVe para Ferreira & Asociados

O por qué do por qué para Histeria Teatro

OBRA TEATRAL PUBLICADA

Cachorros sen Domesticar: www.corevia.com/teatrobruto

Hamlet Kit-Kat. Revista teatral Casahamlet, nº 1, maio 1999

O por qué do por qué. Revista teatral Casahamlet, nº 7, maio 2005

Gatos ionquis de Fornells. <http://bvg.udc.es>

GUIÓN

Mareas Vivas, serie para a TVG
Enquisa a unha pornstar, curtametraxe
O xuízo de Xiz, curtametraxe
Tres de cinco, curtametraxe

DIRECCIÓN DE ESCENA

Oficio e Arte para Pífano Teatro
Rotas para Pífano Teatro
Ventos para Pífano Teatro
Homaxe para Pífano Teatro
Fisterra-Broadway para Compañía Marías
Salacot e Filloas para Pífano Teatro
Sucedeu en Roma para Compañía Marías
Sen medo á palabra para Tripitriáticos
Amén para Compañía Marías
Cachorros sen Domesticar para Teatro Bruto
Detritus Corazón para Teatro Bruto
Mirinda Affaire para Pífano Teatro
Centolla TeVe para Ferreira & Asociados
O por qué do por qué para Histeria Teatro

BIBLIOGRAFÍA sobre o autor e a súa obra:

Fernández Nogueira, Olga: "A influencia do cinema no teatro galego contemporáneo, o Río Bravo de Chévere e o Detritus Corazón de Picallo" en *Lecturas, imáxines*. Vigo: Universidade, 2001, pp. 505-5B

PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

Premio narrativa, Muralla de Crescónio por *A caza*

> MARCOS SÁNCHEZ ARMESTO

Graduado en Pedagogía Teatral pola Universidade da Coruña (2005)
Prácticas realizadas no Colexio Concepción Arenal da Coruña (2005)

ACTOR

2011- *Catálogo de inercias: Cabaré adúltero*. Dirección Xavier Picallo

PEDAGOXÍA TEATRAL

2009- Idea, desenvolvemento, dramaturxia e dirección de Integra-Acción, proxecto pedagóxico que, a través do estudo das Artes Escénicas, procurou a integración na sociedade de colectivos de diferente procedencia social. Proxecto con nove meses realizado para a Concellería de Servizos Sociais do Concello da Coruña. Estreado o 25 de xullo no MACUF (Museo Arte Contemporánea Fenosa)

CINE

- 2009- Tradución do español ao inglés da longametraxe documental *El cuadro, el poema, el disco*, de Guillermo Arias – Carbajal Alonso para Tuperia Películas
- 2001- Axudante de decorados na longametraxe *Los Lunes al sol*, de Fernando León de Arenoa para Elías Querejeta P.C
- 1999- Axudante de decorados na longametraxe *Cuando vuelvas a mi lado*, da realizadora española Gracia Querejeta para Elías Querejeta P.C
- 1999- Axudante de decorados na longametraxe *Water easy reach*, do realizador noruego Bent Hammer para Babel Films
- 1998- Axudante de decorados na longametraxe *A los que aman*, de Isabel Coixet para a produtora Sogecine
- 1998- Axudante de decorados na longametraxe *Finisterre*, do realizador galego Xavier Villaverde para Continental Producións
- 1997- Axudante de Rexedor na longametraxe *La novia de medianoche*, do realizador galego Antonio Simón para Encuadre Producciones de Cine

PUBLICACIÓNS

- 2009- Tradución do inglés ao español do libro Entre bastidores: *De viaje con el grupo Love, de Michael Stuart – Ware* para Metropolitan Ediciones de España S.L.
- 2008- Tradución do inglés ao español do libro Touching from a distance: *La vida de Ian Curtis y Joy Division*, de Deborah Curtis para Metropolitan Ediciones de España S.L.
- 2006 e 2005- 12 Artigos - Críticas teatrais no Diario Atlántico de Vigo cubrindo o Festival Internacional Cómico e Festivo de Cangas de Morrazo
- 2004- Revista Galega de Teatro: "Cultura e produtividade" (Núm. 40)

FORMACIÓN EXTRA ACADÉMICA

- 2011 Curso de voz de técnica Roy Hart, impartido polas especialistas:
-Carol Méndelsohn. Profesora do método Roy Hart e actriz no Roy Hart Theatre
-Núria Inglada. Profesora e Xefa do departamento de Dirección de Escena na ESAD de Galicia
- 2006 Stage Europeo de Teatro na Universidade da Coruña. 80 horas
Performance e Instalación, dirixido por Serge Nail, da Universidade de Caen, Francia. 50 horas
Antropoloxía teatral, con G. Giacché, Catedrático da Universidade de Perugia, Italia. 15 horas

- A aparición de personaxes nacionais*, con Kirko Koski, Catedrática da Universidade de Helsinki. 5 horas
- La vida es sueño. Drama ou Traxedia. Honor e morte no Século de Ouro español*, impartido por Alfredo Rodríguez López-Vázquez, Catedrático da Universidade da Coruña. 10 horas
- 2004 *Pantomima* no Festival de Teatro de Avignon con Josef Markocki. 30 horas
- 2003 *Relaxación* no Centro Arte Studio da Coruña con Mita Beutel. 12 horas
- 2002 Exploración do corpo a través dos sentidos no Instituto Nacional de Educación Física (INEF) da Coruña con Mita Beutel. 32 horas
- 2001 Danza contemporánea con Bárbara Monteagudo no centro Arte Studio da Coruña. 560 horas
- 1999 Teatro Físico na International School of Corporal Mime de Londres. 80 horas
- 1998 Guión Cinematográfico no Centro Galego de Artes e Imaxe con Carlos Asorey Brei. 35 horas
- 1997 Script nos cursos “Cero en Conducta” do Centro Galego de Artes e Imaxe (CGAI), con Blanca Astiazu. 35 horas
- 1995 Realización de Vídeo e Audiovisual no Centro Profesional PC Carrier. 540 horas

> **MARÍA ARMESTO FANEGO**

Licenciada en Dirección de Escena e Dramaturxia pola ESAD de Galicia 2005-2009
Canto clásico e técnica vocal en Madrid, Barcelona, París e Viena, 1982-1990

TEXTOS DRAMÁTICOS ESTREADOS

2010 *Paraíso, Barbacoa ou Culebrón*

2000 *Decorcheas*

DIRECCIÓN DE ESCENA

2012 *Winnie son eu* para Pífano Teatro

2000 *Decorcheas* para Teatro de Ningures

1995 *Petición de man* de Antón Chéjov para Teatro de Adro

1992 *Edmond* de David Mamet para Trepanocoqueiro Teatro

ESPAAO SONORO PARA TEATRO

2012- Para o espectáculo de Pífano Teatro, *Winnie son eu*

2000- Para o espectáculo de Teatro de Ningures, *Decorcheas*

1996- Para o espectáculo do CDG, *Lugar*

1995- Para o espectáculo do CDG, *Viaxe e fin de Don Frontán*

1995- Para o espectáculo de Teatro de Adro, *Petición de man*

ACTRIZ

2011- *Catálogo de inerciaas: Cabaré adúltero* de Xavier Picallo

PEDAGOXÍA VOCAL

2011- Curso teórico – práctico para os profesionais da Radio Televisión de Galicia

2000- Adestramento vocal para o espectáculo *Decorcheas* de Teatro de Ningures

1995/1999- Técnica vocal e canto no Laboratorio de Creatividade Musical de Vigo

AXUDANTE DE DIRECCIÓN EN CINE E TEATRO (1997-2010)

Pífano Teatro. Teatro de Ningures. Centro Dramático Galego. Encuadre PC.

PRODUCCIÓN DE DECORADOS DE CINE E TV (1993-2001)

2001- *Los lunes al sol* de Fernando León de Aranoa para Elías Querejeta PC.

1999- *Cuando vuelvas a mi lado* de Gracia Querejeta para Elías Querejeta PC.

1999- *Water easy reach* de Ben Hamer para Lola Films

1998- *A los que aman* de Isabel Coixet para Sogecable Producción

1998- *Finisterre* de Xavier Villaverde para Continental Producciones

Series:

2005- *A vida por diante* para TVG

2005- *Libro de familia* para TVG

4. A compañía

A compañía Pífan Teatro, con Mela Casal á súa fronte, vén desenvolvendo dende hai máis de 15 anos un teatro independente e comprometido coa dramaturxia galega contemporánea. Dramaturgos como Xavier Picallo, cunha voz propia e absolutamente anovadora, directores de longa traxectoria e recoñecido prestixio como Xoán Cejudo, e autoras interesadas na realidade da muller do século XXI como Rosa Castro ou María Armesto, son só un pequeno exemplo.

Pífan aposta tamén por estar en contacto coa realidade, especialmente a que afecta ás marxinações sociais, ben sexa en función do sexo, raza, laboral ou de xénero, creando espectáculos como ROTAS que realiza un *teatro foro* entre espectadores, actores e dúas profesionais da psicoloxía e a avogacía. No caso de OFICIO E ARTE, este encontro do público realízase cos actores, director e escenógrafo do espectáculo.

Este compromiso conxúgase coa idea de conquistar aos públicos máis diversos: alumnado de institutos, de universidades e de artes escénicas; traballadores de todas as disciplinas, especialistas, artistas ou profesións liberais; e sobre todo mulleres, un público ao que lle temos un gran respecto por ser as grandes esquecidas sendo as maiores consumidoras de arte na nosa sociedade.

Todo este compromiso conxúgase en moitas ocasións coa comedia por ser este un xénero moi eficaz para tratar temas difíciles ou tabú e porque cremos que o sentido do humor é unha das mellores ferramentas que temos para avanzar.

A compañía Pífan Teatro produce os seus espectáculos de xeito privado e independente.

ALGÚNS DOS ESPECTÁCULOS ESTREADOS E QUE AVALAN O EXPOSTO:

Winnie son eu escrita e dirixida por María Armesto

Tres personaxes conviven sobre terra estéril procurando comunicarse entre eles, aínda que só sexa para non sentir o paso do tempo. A súa protagonista ELA, vive dentro da carcasa oxidada dun sidecar bélico. LEO, o seu home, sempre co tronco debaixo da carcasa, intenta inutilmente arranxar o pseudo vehículo. FRANÇOISE, a nai, sentada nunha vella cadeira de plástico fedella

insistentemente nunha radio que se nega a funcionar. PAPÁ, unha aparición fantástica, canta e dialoga con ELA sobre os últimos acontecementos no alén.

Dende a implacable perspectiva humorística do teatro do absurdo, este espectáculo nos fala do acomodo ao que sometemos as nosas vidas, construíndo diferentes rituais cotiáns que nos permiten superar a proba que supón vivir cada un dos nosos días e, coma se do mito de Sísifo se tratase, unha e outra vez construímos un día semellante ao anterior, na inxenua idea de que un milagre ocorrerá e algo nas nosas vidas por fin se moverá.

Oficio e Arte escrita e dirixida por Xavier Picallo

Histórico sobre a creación teatral, dende o teatro grego ata a actualidade máis inmediata. Obra creada para achegar á mocidade, nos últimos cursos de escolarización, a historia do teatro e os seus distintos oficios, na procura de que atopen nesta arte unha vía de saída laboral e contemplen a posibilidade de realizar estudos nas distintas disciplinas que ofrecen as Escolas Superiores de Arte Dramática: interpretación, dirección de escena, dramaturxia, escenografía, iluminación, son, perruquería, maquilladores e un longo etcétera. O espectáculo finaliza cun *teatro forum* no que se informa ao alumnado dos oficios demandados polo sector teatral.

Rotas de Rosa Castro. Dirección Xavier Picallo

O drama, a vergonza, a ruptura da orde social que significa o maltrato de xénero en calquera sociedade, incluso nas sociedades máis desenvoltas e occidentalizadas. A través dunha muller de clase social media alta e outra de clase social media baixa, o espectáculo descobre os procedementos do maltrato e a súa reprodución.

Espectáculo de produción privada que conta cun *teatro forum* ao final da función, liderado por una avogada especialista en temas legais inherentes ao maltrato, e unha especialista en psicoloxía sobre esta lacra social. *Rotas* converteuse nun dos espectáculos máis vistos da compañía, dentro e fóra de Galicia.

Yo no soy racista (Ideado para colexios e institutos)

Monólogo dunha muller que se declara non racista, ni sexista, pero...

O espectáculo apóiase cunha charla coa actriz, ao final da representación.

Ventos de Xavier Picallo

Espectáculo estreado en Caracas sobre o universo poético de Celso Emilio Ferreiro que, dende a arte de dúas divas e un director de escena, dramatizan unha velada poética chea de sorpresas. *Ventos* sorprendeu a público e crítica no su retorno a Galicia, cunha xira en activo na actualidade.

Mirinda Affaire escrita e dirixida por Xavier Picallo

Unha muller de éxito profesional e social pero non emocional, decide contratar a un actor como acompañante.

Deben pagar as mulleres activas e autosuficientes coa a soidade persoal o seu novo *status* social? Esta é a pregunta sobre a que esta peza reflexiona.

Estima de Xavier Picallo. Dirección Xoán Cejudo

Obra sobre a emigración galega a Sudamérica e a centro Europa, dende a perspectiva de dúas mulleres emigrantes que se encontran nun aeroporto para recibir ao marido dunha delas e ao compañeiro da outra, que casualidade de casualidades, é o mesmo home que acode cadáver á súa dobre cita. A emigración, drama dun pobo, materialízase no drama persoal destas mulleres que comparten un engano, un novo desterro, esta vez sentimental.

Qué fan as dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50? Dirección Xoán Cejudo

O punto de vista de dúas mulleres, dependentas profesionais de mediana idade duns grandes almacéns sobre o presente do seu traballo, agora desprazadas ás catacumbas dun soto-almacén de mercadoría, despois de toda unha vida dedicadas a atender de cara ao público, mentres eran novas, submisas e atractivas, pero que cumpridos máis de cincuenta, xa no resultan tan submisas.

Homenaxe. Dirección Xavier Picallo

Dúas guerrilleiras e un guerrilleiro, cuxa única arma é a palabra.

Acto Imprevisto. Dirección Xosé Oliveira Pico

Obra na que dende unha perspectiva *metateatral*, dúas mulleres alleas a este oficio, dúas limpadoras, contan sobre o escenario que limpan, as súas vidas, os seus anhelos e a súa falla de oportunidades nunha sociedade onde ser home é un activo relevante e ser muller un pasivo secundario. Acompañaas un luminotécnico *gay* que está na mesma o máis baixa categoría social.